

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 8 DE SETEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

PROXECTO DE LEI

CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Proxecto de lei do clima de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se regula o acceso e provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade intelectual na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Leiro do treito da estrada provincial OU-0301 San Clodio (OU-211) - Cenlle (OU-0303) entre o p.q. 0+000 e o p.q. 1+103.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE EDUCACION, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación, a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela, para instrumentar a concesión dunha subvención por parte da Axencia Galega de Innovación e fomentar a actividade investigadora do persoal investigador finalista nas convocatorias de axudas do ERC no marco do programa Horizon Europe, por importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación á realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida co límite de que a suma dos pagamentos á conta e os anticipos non poderá ser superior ao 90 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, e a eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos nas axudas ao abeiro da resolución pola que se establecen as bases reguladoras e se procede a súa convocatoria das axudas Vinnovate Galicia para fomentar a cooperación transnacional dos axentes do Sistema Galego de I+D a través de proxectos de colaboración con outros axentes europeos no marco do Mecanismo Interrexional Vinnovate (convocatoria de 2025) por un importe total dun millón de euros (1.000.000 €)

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual "Special Olympics Galicia" para a promoción da integración social dirixida ás persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias mediante a realización de actividades deportivas adaptadas, de ocio, formativas e de promoción das persoas voluntarias e o mantemento para o exercicio 2025. Importe: douscentos quince mil trescentos cincuenta e nove euros (215.359,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da aprobación inicial do Plan Estruturante de Ordenación do Solo Empresarial para a segunda ampliación do Parque Empresarial de Toedo, no concello da Estrada (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Fundación Galicia Europa para a defensa da política rexional de Galicia na Unión Europea e para a realización de actividades de comunicación, difusión, visibilidade e formación sobre fondos europeos en Galicia, cun importe total de corenta e catro mil cincocentos oito euros (44.508,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación de Asociacións de persoas xordas de Galicia para a supresión de barreiras de comunicación, por un importe total de trescentos trinta e nove mil oitocentos cincuenta e sete euros con catorce céntimos (339.857,14€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Acondicionamento da AC-406. Treito: LTM Val do Dubra - AC-444", cun orzamento base de licitación de catro millóns tres mil cento vinte e sete euros con sesenta e seis céntimos (4.003.127,66€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Ordes para a execución das obras de Humanización do Campo da feira no lugar do Mesón do Vento, por un importe de novecentos corenta e tres mil novecentos dous euros con oitenta e seis céntimos (943.902,86 €).
- Acordo polo que se toma razón da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido polo Concello de San Cibrao das Viñas á Sociedade Vivenda Pública de Galicia, S.A. (VIPUGAL), así como da licitación pola mesma sociedade, do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 12 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela da rúa do Falcón, s/n, do concello de San Cibrao das Viñas (Ourense), por un importe de licitación de noventa e cinco mil catrocentos oitenta e cinco euros con corenta e un céntimos (95.485,41€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o desenvolvemento dun programa de apoio para a recuperación integral das persoas con discapacidade orgánica, por importe de cento sesenta e catro mil euros (164.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de xestión enerxética e mantemento e condución de edificios, instalacións e equipamentos de diversos centros dependentes da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pertencentes ao Servizo Galego de Saúde, por un importe de quince millóns oitocentos cincuenta e sete mil novecentos noventa e nove euros con sesenta céntimos (15.857.999,60 €), IVE incluído, e un valor estimado de quince millóns setecentos vinte e seis mil novecentos corenta e un euros con setenta e seis céntimos (15.726.941,76 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza o gasto da modificación da contratación do proxecto, execución e dirección facultativa da obra de construción do Centro Galego de Artes Dixitais na estrutura soterrada do Edificio Fontán na Cidade da Cultura de Galicia, por importe dun millón cento corenta e oito mil seiscentos catro euros con cincuenta e oito céntimos (1.148.604,58€) IVE incluído.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Tordoia para a obra de terminación interior de Centro Sociocomunitario en Tordoia, por importe de trescentos cinco mil seiscientos setenta euros con noventa e cinco céntimos (305.670,95 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre axudas ao estudo. Programa de bolsas e premios no ámbito educativo.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as axudas concedidas na convocatoria 2025 a proxectos ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA O PROXECTO DA LEI DO CLIMA CO FIN DE ACADAR UNHA GALICIA NEUTRA EN EMISIÓNS EN 2040, DEZ ANOS ANTES DO MARCADO POLA UE

- Asegura que esta norma consolida a aposta que “Galicia fai desde hai tempo pola loita contra o cambio climático”
- A lei introduce o clima como eixo transversal das políticas públicas galegas e fíxase o obxectivo de reducir nun 75 % as emisións contaminantes en 2030
- Galicia será a primeira comunidade en fixar por lei o reto da neutralidade climática
- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático asegura que esta norma permitirá “unha transición ecolóxica xusta, sostible e xeradora de emprego verde”
- Os plans e programas sectoriais autonómicos sometidos a avaliación ambiental estratéxica deberán avaliar o impacto no clima e incluír medidas de compensación
- Promoveranse as accións para preparar o territorio e protexer a cidadanía dos riscos ligados ao quecemento global como, por exemplo, a creación de refuxios climáticos
- Por primeira vez regularase en Galicia a contratación pública verde, que integrará de forma progresiva criterios climáticos nos contratos do sector público autonómico
- Tamén se promoverán medidas fiscais que incentiven o sector privado a contribuír a conseguir os obxectivos de mitigación e adaptación da comunidade
- Reforzaranse as redes autonómicas de meteoroloxía e de calidade do aire para poder dispoñer de máis datos e mellorar a capacidade de previsión

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o proxecto da que será a primeira Lei do clima de Galicia, unha norma que se marca como reto principal dotar a comunidade das ferramentas, órganos e instrumentos necesarios para garantir a consecución “da neutralidade climática —o equilibrio entre as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) e as absorcións— no horizonte do ano 2040”, é dicir, unha década antes do prazo fixado pola UE.

Rueda enmarcou esta lei -que agora será enviada ao Parlamento co fin de que estea aprobada antes de que remate o ano- na “aposta desde hai moito tempo de Galicia” por traballar “na loita contra o cambio climático” e, para iso, o futuro marco normativo sitúa o clima como eixe transversal das políticas públicas galegas e, como tal, deberá integrarse na toma de decisións naquelas áreas que poidan ter algún tipo de impacto (infraestruturas, transportes, saúde, industria, residuos, xestión hidrolóxica etc.). “Queremos que calquera contrato, plan ou política posta en marcha pola Xunta teña en conta a perspectiva climática”, indicou Rueda.

“Galicia será a primeira comunidade en establecer por lei o obxectivo de neutralidade climática”, subliñou a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, quen asegurou que esta normativa vai facilitar “unha transición ecolóxica xusta, sostible e xeradora de emprego verde”.

De feito, para que Galicia sexa unha rexión climaticamente neutra, a lei márcase obxectivos concretos tanto no eido da mitigación —para reducir as fontes de emisión ou

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

potenciar os sumidoiros que captan GEI— como no da adaptación —para mellorar a resiliencia de Galicia e os seus sectores máis relevantes ante o cambio climático—.

Así, fíxase como compromiso pioneiro en España acadar en 2030 unha redución das emisións GEI do 75 % respecto ás de 1990 —referencia a nivel mundial para as políticas climáticas— para seguir consolidando a tendencia dos últimos anos. Nesta liña, o presidente lembrou que “Galicia foi a comunidade na que máis baixaron as emisións netas de CO₂ desde 1990”. Concretamente, un 61,7 % en 2023, “a un ritmo cinco veces maior que o conxunto de España”, engadiu.

Ademais, desde o punto de vista da adaptación ao cambio climático, a prioridade será protexer a sociedade e a economía ante os riscos derivados deste fenómeno. Por iso, tal e como explicou a conselleira, promoveranse todas aquelas accións orientadas a preparar o territorio e protexer a cidadanía dos impactos ambientais e de eventos extremos ligados ao quecemento global, coa creación, por exemplo, de refuxios climáticos que reduzan a vulnerabilidade da poboación ante vagas de calor ou o fomento de solucións baseadas na natureza.

De feito, a Xunta, co apoio da UVigo, deseñou este ano unha metodoloxía innovadora para xestionar e optimizar espazos máis resilientes e saudables coa localización de refuxios climáticos. Agora, nunha segunda fase que tomará a cidade de Ourense como municipio piloto, implementarase unha aplicación móbil, accesible para a cidadanía, que mostrará mapas actualizados de illas de calor e posibles zonas refuxio en cada cidade, así como recomendacións para minimizar a exposición a temperaturas extremas.

Por todo o exposto, a lei introduce con carácter xeral a obriga da Xunta e do sector público autonómico de integrar a perspectiva climática tanto desde o punto de vista da redución de emisións como da adaptación aos efectos do quecemento global na elaboración dos seus plans e programas sectoriais, na preparación de contratos públicos cando o seu obxecto o permita e nas convocatorias de subvencións que teñan un impacto nos obxectivos de neutralidade climática de Galicia.

En concreto, os instrumentos de planificación sectorial cunha incidencia especial no territorio deberán ter en conta as proxeccións climáticas (reguladas tamén na lei) que simulan a resposta do clima na comunidade ante distintos escenarios de emisións co fin de mellorar a capacidade de adaptación e a resiliencia de Galicia; e todos os plans e programas que impliquen a xeración de GEI sometidos a autorización ambiental estratéxica (AAE) incluirán, como mínimo, unha avaliación do seu impacto no clima e as medidas destinadas a compensar, minimizar ou adaptar o territorio para estes efectos.

Neste sentido, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático elaborará un documento técnico que sirva de base e como modelo de referencia á hora de integrar a perspectiva climática na elaboración dos distintos plans e programas autonómicos sometidos a AAE co fin de facilitar así ao resto de departamentos o seu cumprimento.

Instrumentos de ordenación e nova Oficina de Cambio Climático

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta apoiarase en tres instrumentos de acción climática previstos na propia lei para avanzar nas metas fixadas por lei: a Estratexia Galega de Cambio Climático, na cal se fixou por primeira vez o compromiso dunha Galicia climaticamente neutra; os plans rexionais integrados de acción climática, que marcan a folla de ruta e as medidas concretas para adoptar cada cinco anos para cumprir os obxectivos da Estratexia; e os plans de acción local polo clima, que a lei fixa como obrigatorios para concellos de máis de 20.000 habitantes co fin de reforzar a nivel local as accións de mitigación e adaptación.

De feito, 17 dos 23 concellos galegos que se atopan nesta franxa de poboación xa teñen elaborado e presentado o seu propio plan de acción.

Así mesmo, para avanzar na gobernanza e na dimensión social das políticas de clima, a lei recoñece e reforza o papel de órganos xa creados e en funcionamento, como é o caso da Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da Estratexia Galega de Cambio Climático, que coordina a acción das distintas consellerías neste eido desde 2019.

Ademais, tamén regula a Rede local polo clima, impulsada o ano pasado para promover a adhesión de todos os concellos galegos ao Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía (do que actualmente forman parte 287) e axudalos a loitar contra o cambio climático desde unha perspectiva local; e a Alianza Galega polo Clima, unha iniciativa da Xunta xa moi consolidada para fomentar as sinerxías público-privadas ante o quecemento global a través da implicación dos diferentes axentes sociais e económicos que operan na comunidade e que poden xogar un papel relevante na acción climática.

A maiores, a lei prevé a creación de novas ferramentas de participación e coordinación, como o Portal de Acción Climática, que servirá como ventá de divulgación e transparencia neste eido; a Oficina de Cambio Climático de Galicia, de carácter técnico e que asumirá o seguimento da Estratexia e labores de apoio e asesoramento ao resto de departamentos; e o Foro de Acción Climática, órgano colexiado de participación.

Cláusulas climáticas nos contratos públicos

A transición ecolóxica de Galicia cara a un modelo sustentable, xusto e xerador de emprego requirirá tamén de recursos económicos e incentivos dirixidos tanto ás administracións públicas como ao sector privado. Por iso, tal e como explicou a conselleira, “Galicia quere dar exemplo a outras rexións” e a través da Lei do clima senta as bases para regular, por primeira vez na comunidade, “a contratación pública verde” para contribuír á loita contra o cambio climático.

No prazo dun ano desde a entrada en vigor da norma, a Comisión Interdepartamental elaborará un programa específico para implantar e desenvolver criterios climáticos nos contratos públicos, criterios que, en todo caso, se integrarán de forma progresiva. De feito e para facilitar esta transición, definirá tamén os medios de apoio técnico e asesoramento que se porán á disposición dos órganos de contratación, así como un programa formativo para o seu persoal. Así mesmo, elaborárase un catálogo que defina

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e detalle as posibles cláusulas climáticas e ambientais a introducir nos distintos tipos de contratos así como as instrucións para facilitar a súa incorporación axeitada aos pregos.

En todo caso e á espera de que se concrete este traballo previo, o criterio estrela que se pretende introducir progresivamente nas contratacións do sector público galego é a pegada de carbono, entendida como a totalidade das emisións de gases de efecto invernadoiro asociadas a unha organización, evento, actividade, produto ou servizo concretos e cuantificada en toneladas equivalentes de CO₂.

A Lei do clima de Galicia quere avanzar cara a contratos que fomenten a eficiencia enerxética, a adquisición de produtos ecolóxicos e a organización de eventos sustentables, e promover a eficiencia enerxética na contratación pública, mediante a incorporación das previsións da Directiva da UE en materia de contratación pública ecolóxica.

De feito, fomenta a utilización da pegada de carbono na preparación e execución dos contratos do sector público autonómico; e tamén introduce o criterio da proximidade dos produtos ou servizos utilizados polo licitador co fin de garantir unha compra pública baixa en carbono que contribúa ao obxectivo global da neutralidade climática.

En definitiva, búscase que os procesos de contratación da Xunta se rexan polos principios da propia lei e sirvan de exemplo dunha nova maneira de relacionar a actividade humana co ecosistema en que se leva a cabo; ao tempo que avoga por un modelo produtivo e de consumo circular baseado no reaproveitamento dos recursos.

Con este mesmo fin, a perspectiva climática introducirase tamén na elaboración anual dos orzamentos xerais da Xunta, que recollerá partidas orientadas a avanzar na mitigación e na adaptación do cambio climático en Galicia, e na convocatoria de axudas públicas, coa posibilidade de incorporar cláusulas climáticas específicas.

En concreto, a modo de exemplo, primarase como criterio de valoración específico na concesión de subvencións públicas a entidades municipais para cubrir investimentos e gastos que teñan relación cos obxectivos dos plans de acción local polo clima o feito de que o concello solicitante teña aprobado e rexistrado o seu correspondente plan.

Sistema de créditos de carbono

Así mesmo, prevese que a Xunta modifique os instrumentos fiscais existentes co fin de incentivar o sector privado a impulsar accións que contribúan a acadar os obxectivos en materia de cambio climático fixados na Estratexia e nos sucesivos plans rexionais, e crearse un Rexistro galego de persoas promotoras da neutralidade climática, de adhesión voluntaria, e que recollerá os compromisos ambientais asumidos por organizacións públicas ou privadas para reducir ou compensar a súa pegada de carbono.

Neste sentido, a Lei do clima busca fomentar o impulso de proxectos e actividades que aumenten a absorción de CO₂ e reduzan as emisións mediante a posta en marcha do chamado sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta, que permitirá que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

empresas, organizacións ou mesmo cidadáns poidan compensar as súas emisións GEI comprando créditos doutros proxectos que reducen ou eliminan gases (iniciativas de reforestación, conservación de bosques, acuicultura ou uso de enerxías renovables). Está previsto que se aprobe o decreto regulador deste mercado nas próximas semanas.

Outra pata fundamental para avanzar no cumprimento dos obxectivos da lei será a información meteorolóxica e climatolóxica. Con tal fin, reforzaranse as redes de observación e control e a de calidade do aire, así como os servizos públicos para a xestión dos riscos derivados do cambio climático para dispoñer de máis datos e mellorar a capacidade de previsión e resposta ante posibles fenómenos meteorolóxicos extremos.

Tamén neste eido cómpre indicar que a lei regula as chamadas proxeccións climáticas, que o organismo competente en materia de cambio climático se encargará de elaborar e revisar periodicamente para Galicia mediante a aplicación de modelos matemáticos.

Finalmente, partindo da premisa de que o cambio climático afecta a todo o mundo — administracións, empresas e cidadanía— a lei aspira tamén a cambiar a mentalidade e fomentar o coñecemento a través de campañas de información, da integración da perspectiva climática en todos os niveis do sistema educativo e do impulso da investigación en Galicia en áreas relacionadas co clima e a adaptación aos seus efectos.

Pechar o círculo da sostibilidade

Co impulso á Lei do clima, a Xunta responde e mesmo supera os compromisos asumidos en materia climática a nivel europeo e elévaos a rango de lei, avanzando na senda das medidas iniciadas e aplicadas a nivel autonómico nos últimos anos para facer fronte aos efectos do cambio climático, avanzar na descarbonización co fin de reducir a dependencia dos combustibles fósiles e traballar no obxectivo da neutralidade climática.

De feito, Galicia é unha das comunidades españolas que máis reduce as súas emisións GEI respecto a 1990 —a primeira en canto a diminución das emisións netas e a terceira en brutas, segundo a desagregación territorial do último Inventario Nacional correspondente ao ano 2023— e xa está a cumprir cos novos obxectivos de descarbonización marcados pola Comisión Europea para esta década, entre eles, reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro da UE en polo menos un 55 % para 2030.

Ademais, a temperatura media en Galicia subiu 0,2 graos centígrados por década nos últimos anos mentres que en España o incremento foi de 0,25 graos, unha tendencia ligada ás características particulares da comunidade que a converte nun refuxio climático natural pero que acredita tamén o esforzo realizado pola Xunta.

Neste sentido, grazas á Lei do clima, Galicia aspira a pechar o círculo normativo da sostibilidade que iniciou en 2019 coa aprobación da Estratexia Galega de Cambio Climático, con máis do 90 % da planificación e investimentos previstos executados nos seus primeiros cinco anos de vixencia, en concreto, un total de 139 medidas cun investimento de 1.140 millóns que contribuíron a lograr avances notables nesta materia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A futura norma comparte tamén os principios da Estratexia de Economía Circular 2020-2030 de promover modelos que xeren emprego verde e de calidade, e da Lei de residuos e solos contaminados de 2021, cuxo obxectivo fundamental é facilitar a transición cara a unha economía circular, primando a prevención e a xestión sustentable dos residuos.

De igual xeito, virá complementar outras accións relevantes en materia de clima nas cales participa a Xunta como, por exemplo, o Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía —iniciativa en que o Goberno autonómico actúa como coordinador desde hai oito anos—, a Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable ou a Alianza galega polo clima, que sitúan a Galicia na vangarda das rexións europeas comprometidas coa acción climática.

Agora, tras recibir o visto e praxe do Consello da Xunta, o proxecto lexislativo será remitido de inmediato ao Parlamento galego para que continúe coa súa tramitación e se someta, finalmente, a aprobación definitiva, se procede, este mesmo ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ UN PASO MÁIS NA INTEGRACIÓN NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL CUN DECRETO DE ACCESO E PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

- O novo marco normativo regula a reserva de prazas, cunha porcentaxe de polo menos o 2 % do total das prazas convocadas para persoas con discapacidade e a adaptación para probas selectivas
- Ademais da elaboración dun catálogo en que se inclúan os postos susceptibles de ser desempeñados por persoas con discapacidade intelectual, o decreto establece medidas para a adaptación no posto asignado unha vez superado o proceso selectivo
- Para mellorar e apoiar a promoción das persoas con discapacidade intelectual, o novo texto regula, por exemplo, a fixación do número mínimo de actividades formativas a organizar pola EGAP

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o acceso e provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade intelectual na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

Coa aprobación deste marco normativo, que garante o respecto do principio de igualdade de trato de persoas que acreditan discapacidade intelectual e regula as condicións para o seu acceso ao emprego público, o Goberno galego dá un paso máis en materia de emprego público.

Así, o decreto regula a reserva de prazas, cunha porcentaxe de polo menos o 2 % por cento do total das prazas convocadas para persoas con discapacidade, os requisitos que hai que cumprir para participar na quenda de discapacidade intelectual e as solicitudes de adaptación e axustes para realizar as probas selectivas.

Así mesmo, establece que as convocatorias de prazas para persoas que acrediten discapacidade intelectual se realicen de forma separada respecto á quenda xeral, e regula a posibilidade de que poidan existir listas de contratación temporal propias para as persoas que acrediten esta discapacidade.

Ademais da elaboración dun catálogo en que se inclúan aqueles postos de traballo que son susceptibles de ser desempeñados por persoas que acreditan discapacidade intelectual, o decreto establece medidas para a adaptación e axustes no posto de traballo asignado unha vez superado o proceso selectivo e a elaboración dun protocolo de acollemento, co obxecto de facilitar a incorporación á Xunta do persoal de novo ingreso con discapacidade intelectual.

En materia de formación, para mellorar e apoiar a promoción das persoas con discapacidade intelectual, o novo texto regula, por exemplo, a fixación do número mínimo de actividades formativas para organizar pola EGAP. E tamén cuestións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

relacionadas coa carreira administrativa/complemento de desempeño para as que se establecerán requisitos propios para as persoas que acrediten discapacidade intelectual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE LEIRO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE DISCORRE POLOS NÚCLEOS RURAIS DE BAROUTA, O CABO E SAN CLUDIO

- Transfírense á entidade local un treito de 1,1 quilómetros de lonxitude da OU-0301
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade, o Concello de Leiro terá a competencia para actuar neste treito e asumirá a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Leiro, do treito da estrada provincial OU-0301, no seu percorrido polos núcleos rurais de Barouta, O Cabo e San Clodio.

O Concello do Leiro solicitou á Deputación Provincial de Ourense o cambio de titularidade do treito desta vía provincial que comunica San Clodio e Cenlle, comprendido entre os puntos quilométricos 0+000 e 1+103. O Pleno da corporación provincial aceptou o cambio de titularidade proposto.

Vistos os informes emitidos polos servizos competentes, a Axencia Galega de Infraestruturas formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade do citado treito provincial da OU-0301, de 1,1 quilómetros de lonxitude.

A transferencia a prol do Concello de Leiro tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Leiro terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da vía obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE A XUNTA APOIA A CANDIDATURA DE CINCO INVESTIGADORES ÁS BOLSAS MÁIS PRESTIXIOSAS NESTE EIDO EN EUROPA

- Salienta que se destinan 250.000 € a que finalistas das axudas do Consello Europeo de Investigación "reforcen" e continúen "cos seus proxectos"
- "O obxectivo é apoiar aos investigadores que desenvolven o seu traballo en Galicia e reter ese talento", indica
- O Goberno galego concederá achegas a catro investigadores da Universidade de Santiago e un da Universidade da Coruña

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou un novo convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades de Santiago de Compostela (USC) e da Coruña (UDC), polo que se conceden axudas económicas para "apoiar a cinco científicos que quedaron finalistas nas achegas do Consello Europeo de Investigación (ERC), as máis prestixiosas do continente". Deste xeito, apoiaranse proxectos de investigación que non obtiveron financiamento para así incrementar as súas posibilidades de éxito en futuras convocatorias.

En concreto, o Goberno galego achegará 250.000 euros para que estes cinco investigadores poidan "reforzar os seus proxectos e volver presentarse na vindeira convocatoria das ERC". O obxectivo, como resaltou o presidente, "é axudar aos investigadores que desenvolven o seu traballo en Galicia e reter ese talento".

As axudas concedidas pola Consellería de Ciencia, a través do programa Oportunus da Axencia Galega de Innovación, son de 50.000 euros por finalista e destinaranse a un investigador da UDC (finalista na convocatoria ERC *Starting Grant* 2024) e a catro investigadores da USC (finalistas nas convocatorias ERC *Consolidator* e *Advanced Grant* 2024). No caso de ser seleccionados nas novas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC), cada proxecto podería recibir entre 1,5 e 2,5 millóns de euros. "Traballan en eidos coma a fabricación de medicamentos, o a química molecular ou a física de altas enerxías", indicou o presidente.

Tanto pola súa elevada dotación económica como polo seu alto nivel de exigencia científica, as axudas do ERC considéranse un indicador clave da excelencia investigadora das institucións e rexións en que desenvolven o seu traballo os investigadores seleccionados. Ademais, os proxectos financiados polo ERC son xeradores de emprego cualificado e teñen un impacto positivo na innovación, na transferencia de coñecemento e na proxección internacional do ecosistema de I+D que os acolle.

Décimo convenio coas universidades

O novo convenio de axudas a finalistas ERC é o décimo que se establece desde a creación do programa Oportunus en 2014, co que se alcanza a cifra de 42 axudas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

concedidas a 31 investigadores finalistas. Con esta achega de 250.000 euros, as axudas outorgadas pola Xunta a finalistas ERC superan os 2 millóns de euros. Un investimento que permitiu que dos finalistas apoiados, cinco obtivesen finalmente unha axuda ERC, captando en conxunto máis de 9 millóns de euros para desenvolver os seus proxectos na nosa Comunidade.

O programa Oportunius, enmarcado no Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, é un dos proxectos estrela da Xunta de Galicia para xerar, reter, atraer e retornar talento excelente á nosa Comunidade co obxectivo de impulsar a I+D+i galega. Composto por distintas liñas de acción, apoia tanto investigadores que optan a unha ERC para procurar do éxito das súas candidaturas como outros que xa a acadaron.

Galicia ocupa a sexta posición do Estado en proxectos e fondos captados do ERC no período 2007-2024 e a terceira posición na taxa de éxito, é dicir, proxectos concedidos respecto a proxectos presentados, no período 2014-2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA AXUDAS POR 1M€ PARA IMPULSAR PROXECTOS DE I+D+I CON OUTRAS REXIÓNS EUROPEAS

- A segunda edición da convocatoria Vinnovate apoiará proxectos colaborativos de investigación e innovación conformados por entidades de oito países
- Na edición anterior deuse pulo a catro proxectos con participación da nosa Comunidade nos eidos da saúde, a automoción e as enerxías renovables

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a segunda edición da convocatoria Vinnovate Galicia, unha liña de axudas cuxo obxectivo é potenciar unha maior colaboración e presenza europea e internacional da investigación e innovación europea, promovendo a realización de proxectos colaborativos interrexionais de I+D+i.

A nova convocatoria, impulsada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a través da Axencia Galega de, ascende a 1 M€ cofinanciados pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e financiará aos axentes da nosa Comunidade que participen en proxectos de desenvolvemento experimental entre empresas e organismos de investigación de polo menos dúas rexións das 11 participantes. Tamén deben estar centrados en ámbitos temáticos aliñados coas súas respectivas estratexias de Especialización Intelixente. Isto son as áreas nas que cada rexión se está especializando debido as súas capacidades específicas.

Na convocatoria anterior apoiáronse catro proxectos con participación galega cunha axuda de 700.000 € nos eidos da saúde, a automoción e as enerxías renovables. Entre as novidades desta edición, destaca a esixencia de que un dos socios sexa unha peme cunha participación mínima do 30% do orzamento e a ampliación do tipo de actividades subvencionables á investigación aplicada, cumprindo determinados requisitos.

Así, o consorcio galego deberá estar constituído por entre dúas e catro entidades que non deben estar vencelladas entre si e unha delas debe ser unha peme, cunha participación mínima no orzamento do 30%. As axudas poderán acadar os 500.000 euros para proxectos que deberán comezar no ano 2025 e finalizar antes do 30 de setembro de 2028 e o orzamento mínimo da participación galega será de 150.000 euros.

Procedemento e prazos de solicitude

O procedemento de solicitude consta de dúas fases: unha primeira, ata o 15 de setembro, na que o líder do proxecto debe presentar ante a *Vanguard Initiative* un formulario coa proposta coa finalidade de verificar o cumprimento dos criterios e, posteriormente, se o informe desta é favorable, a entidade galega deberá presentarse á convocatoria da Axencia Galega de Innovación. O prazo de presentación de solicitudes desta segunda fase comezará o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia, que se realizará tras a aprobación no Consello, e rematará o 15 de outubro.

A *Vanguard Initiative*, da que Galicia forma parte desde 2015, é unha alianza formada por 35 rexións europeas que ten como obxectivo estimular o crecemento europeo baseado

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

na I+D+i mediante colaboración interrexional. Galicia foi pioneira entre as comunidades autónomas en participar neste mecanismo de financiamento da I+D+i a nivel europeo.

Áreas temáticas e países

As áreas temáticas nas que deben estar centrados os proxectos que aspiren a formar parte de Vinnovate son a bioeconomía, a intelixencia artificial, o hidróxeno, a saúde intelixente e a medicina personalizada, a fabricación avanzada para aplicacións enerxéticas *offshore*, a produción de alto rendemento a través de impresión 3D, os novos produtos de base nanotecnolóxica e a fabricación eficiente e sustentable.

As rexións que participan en Europa en Vinnovate pertencen a oito países e son as seguintes: Leste dos Países Baixos-Provincias de Gelderland e Overijssel e Sur dos Países Baixos (Países Baixos), Lombardía e Emilia Romagna (Italia), Gales (Reino Unido), Galicia e País Vasco (España), Baixa Austria (Austria), Baixa Saxonia (Alemaña), Norte de Portugal (Portugal) e Nordeste de Romanía (Romanía).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GOBERNO GALEGO DESTINA CASE 216.000 € A FINANCIAR AS ACTIVIDADES DE SPECIAL OLYMPICS GALICIA

O Consello da Xunta autoriza un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e esta entidade, que traballa na atención ás persoas con discapacidade intelectual

O Consello da Xunta celebrado hoxe autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Special Olympics Galicia, entidade que traballa na atención a persoas con discapacidade intelectual. O seu importe é de preto de 216.000 euros, un 8 % máis que o ano pasado.

Deste xeito, a Xunta dá continuidade ao traballo conxunto que desde hai tempo leva a cabo con Special Olympics Galicia. O obxectivo desta colaboración é promover a integración social e mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade mediante o deporte adaptado, así como de actividades de ocio e culturais.

Ademais, coa renovación deste acordo apóiase a formación e promoción do voluntariado que colabora coa entidade. A previsión é que máis de 2.000 persoas participen nas actividades que durante todo o ano realiza Special Olympics Galicia.

A atención ás persoas con discapacidade é unha das prioridades do Goberno galego. Neste ámbito, a Xunta financia máis de 5.000 prazas públicas de atención residencial e diúrna por medio do concerto social, cun investimento superior aos 100 millóns de euros, Así mesmo, destina preto de 6 millóns de euros a convenios coas principais federacións galegas da discapacidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE TOEDO-A ESTRADA QUE PERMITIRÁ AMPLIAR EN PRETO DE 157.000 M2 A SUPERFICIE ACTUAL

O Goberno galego toma razón da aprobación inicial do Plan Estruturante de Solo Empresarial (PEOSE) deste polígono pontevedrés

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da aprobación inicial do *Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE)* para a segunda ampliación do parque empresarial de Toedo, situado no concello pontevedrés da Estrada, e que permitirá incrementar en 156.685 m² a superficie actual deste polígono industrial.

O Goberno galego atende así a demanda da comarca de Tabeirós-Terra de Montes de contar con máis solo empresarial para impulsar a implantación de novas industrias na zona e para que as empresas que xa están alí implantadas poidan aumentar as súas capacidades produtivas.

Esta nova ampliación, promovida pola sociedade Xestión do Solo de Galicia (Xestur), no marco do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, conta cun orzamento previsto superior aos 13 millóns de euros e permitirá que o polígono empresarial acade unha superficie total de 347.239 m².

Esta actuación enmárcase na estratexia da Xunta de Galicia de crear un tecido empresarial forte e competitivo, dotándoo de máis solo empresarial e coa base nun modelo de desenvolvemento industrial ordenado, eficiente e respectuoso co medio ambiente, que atraia investimentos, favoreza a creación de emprego e garanta o equilibrio territorial.

Deste xeito, no caso da provincia de Pontevedra encóntranse actualmente en tramitación case tres millóns de metros cadrados de solo empresarial. En concreto, trátase do parque empresarial de Fragamoreira (Poio), a ampliación do parque empresarial do Campiño (Pontevedra), o parque empresarial de Louredo (Mos-Redondela), a ampliación do Parque empresarial do Pousadoiro (Vilagarcía de Arousa) e a ampliación da MI da PLISAN (Salvaterra-As Neves). Ademais, tamén se encontra en tramitación o proxecto de urbanización do parque empresarial de Lalín 2000 e o proxecto de reurbanización da Central de Transportes e Terminal Intermodal de Ponte Caldelas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A DEFENSA DA POLÍTICA REXIONAL NA UE E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN SOBRE OS FONDOS EUROPEOS

- A Consellería de Facenda e Administración Pública e a Fundación Galicia Europa formalizarán un convenio cun investimento de preto de 45.000 €, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2021-2027
- A colaboración centrarase nos retos derivados das novas prioridades dos programas rexionais de Galicia 2021-2027, a proximidade do remate dos fondos MRR e as novidades propostas pola CE para o período 2028-2034.
- O convenio supón un avance na comunicación, difusión e visibilidade dos proxectos financiados con fondos europeos na Comunidade galega

A Xunta de Galicia dálle un novo pulo á defensa da política rexional na Unión Europea e á realización de actividades de comunicación sobre os fondos europeos, a través dun convenio de colaboración coa Fundación Galicia Europa. É a primeira vez que a colaboración entre as dúas entidades se formaliza nun convenio que estará vixente ata finais de novembro de 2026 e contará cun investimento de 44.508 euros, no marco da asistencia técnica do Programa operativo Feder Galicia 2021-2027.

O convenio, presentado hoxe no Consello da Xunta chega nun momento en que os fondos europeos afrontan os retos derivados das novas prioridades dos programas rexionais de Galicia 2021-2027, a proximidade ao remate da vixencia dos fondos MRR e as novidades propostas pola Comisión Europea para o período 2028-2034.

O obxecto do acordo é establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Fundación Galicia Europa para o desenvolvemento e participación conxunta de ambas as entidades na defensa da política rexional de Galicia na Unión Europea e a realización de actividades de comunicación, difusión, visibilidade e formación relacionada cos fondos europeos.

O convenio recolle un conxunto de actuacións no ámbito da defensa e posta en valor da política rexional na Unión Europea e da comunicación e visibilidade dos fondos europeos en Galicia. Neste sentido, aborda actividades de difusión de proxectos financiados polos fondos europeos en Galicia, para destacar proxectos emblemáticos ou boas prácticas e, deste xeito, incrementar o coñecemento por parte da cidadanía dos avances e logros obtidos na Comunidade galega cos fondos europeos.

Tamén se promoverá un acto anual de comunicación e difusión dos fondos europeos en Galicia e o concurso sobre proxectos europeos #EuropaXunta.

Actividades de formación

Organizaranse cursos de formación sobre as distintas fontes de financiamento europeo, políticas e programas da Unión Europea, dirixidos ao persoal dos organismos xestores de fondos europeos integrado no sector público autonómico de Galicia, así como a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

capacitación doutras entidades galegas, incluíndo as implicadas no principio de partenariado na xestión dos fondos estruturais.

O convenio recolle tamén a colaboración na difusión, comunicación e explicación das posibilidades de financiamento europeo, especialmente das novidades e das convocatorias de programas de financiamento comunitario de xestión directa co obxectivo de apoiar a captación de fondos europeos en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 340.000 € A FACILITAR A COMUNICACIÓN DAS PERSOAS XORDAS COA ADMINISTRACIÓN

- O Consello do Goberno galego autorizou a sinatura dun convenio coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia que garante a prestación do servizo de videointerpretación en lingua de signos
- Está dispoñible nos 7 rexistros principais, en 4 oficinas de turismo da Xunta, nas urxencias de 14 hospitais e 90 Puntos de Atención Continuada do Sergas, ademais de na web da Xunta e nos principais teléfonos de atención á cidadanía

A Xunta destinará preto de 340.000 euros entre 2025 e 2026 á prestación do servizo de videointerpretación en lingua de signos a través dun convenio, que asinarán proximamente a Axencia para Modernización Tecnolóxica e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAPXG). O acordo foi autorizado hoxe polo Consello do Goberno galego e dá continuidade a un servizo que busca universalizar o acceso dos servizos públicos para os galegos e galegas con discapacidade auditiva.

A Administración autonómica galega foi das primeiras en dispoñer dunha plataforma de videointerpretación en lingua de signos, un servizo que se puxo en marcha en 2011 e que se foi ampliando progresivamente. Hoxe, o sistema está dispoñible en modalidade presencial nas 7 oficinas principais de rexistro e atención cidadá da Xunta, en 4 oficinas de turismo da Administración autonómica, nas urxencias de 14 hospitais e en 90 puntos de atención continuada (PAC), ademais de na modalidade en liña e telefónica a través da web xunta.gal e nos teléfonos do 061, 012, 112, 085, 065, entre outros.

Na modalidade presencial as persoas xordas poden acudir a hospitais, centros de saúde, oficinas administrativas e puntos de atención turística, que dispoñen de terminais que permiten establecer unha comunicación directa co servizo de videointerpretación da FAPXG en tempo real, facilitando o diálogo entre a persoa xorda e o persoal público sen necesidade de intermediarios físicos.

Na modalidade en liña as persoas con discapacidade auditiva poden acceder ao servizo a través do portal web da Xunta, utilizando un ordenador, móbil ou tablet. O usuario indica o servizo ou entidade con que desexa contactar e o videointérprete da FAPXG establece a comunicación coa persoa destinataria en tempo real.

Este convenio reforza o compromiso da Xunta coa inclusión dixital e a igualdade de oportunidades asegurando que todas as persoas poidan acceder aos servizos públicos en condicións de accesibilidade universal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO PARA O ACONDICIONAMENTO DA AC-406 NOS CONCELLOS DE VAL DO DUBRA E DA BAÑA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 4,3 M€

- O obxectivo é mellorar o trazado do tramo de case 3,5 quilómetros de lonxitude, entre os puntos 18+477 e 21+925 desta vía autonómica que comunica Santiago con Santa Comba co fin de reforzar a seguridade viaria, e habilitando un carril adicional de adiantamento de máis de 1 quilómetro de lonxitude
- O proxecto recolle a rehabilitación do firme, a adecuación do sistema de drenaxe ao novo trazado ou a renovación de sinalización
- A previsión é convocar os actos expropiatorios no primeiro semestre de 2026 para, a continuación, licitar as obras
- As obras engádense ás executadas na 1ª fase de acondicionamento desta vía entre o parque empresarial de Santa Comba e Abuín, cun investimento da Xunta de 3,2M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para levar a cabo o acondicionamento da estrada AC-406, que comunica Santiago de Compostela e Santa Comba, ao paso polos concellos de Val do Dubra e da Baña.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación de mellora da seguridade viaria será de máis de 4,3 M€ euros en que se inclúe o pagamento dos 109 predios necesarios para executar a obra.

Mediante esta actuación, trátase de mellorar o trazado do tramo de case 3,5 quilómetros de lonxitude, comprendido entre os puntos quilométricos 18+477 e 21+925 desta estrada autonómica, co fin de reforzar a seguridade viaria; e tamén de habilitar un carril adicional de máis de 1 quilómetro de lonxitude de adiantamento.

O proxecto recolle, ademais, a rehabilitación do firme, así como a realización de actuacións de adecuación do sistema de drenaxe existente ao novo trazado deseñado.

Tamén se renovarán a sinalización o balizamento e as defensas e se acometerán as obras complementarias precisas.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Executivo autonómico leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos predios necesarios para executar esta intervención.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no primeiro semestre de 2026, en paralelo á redacción do proxecto ou proxectos construtivos que permitan a licitación das obras.

Esta nova intervención da Xunta engadirase á 1ª fase de acondicionamento desta vía autonómica, xa executada no treito que vai de Portomouro a Santa Comba, entre o parque empresarial de Santa Comba e Abuín. As actuacións, cun investimento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

autonómico de máis de 3,2 M€, centráronse na execución dun novo trazado alternativo para evitar o paso polo núcleo de Salgueiroas.

O Goberno galego continúa a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis segura e sustentable.

Plano de planta da situación da zona da actuación aprobada hoxe polo Consello da Xunta:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE ORDES PARA A HUMANIZACIÓN DO CAMPO DA FEIRA NO LUGAR DO MESÓN DO VENTO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 950.000 €

- A Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas, asume o 60 % do orzamento, máis de 566.000€, contratará e executará as obras
- Proxectase intervir neste espazo do Mesón do Vento, con función de mercado e centro de actividades que forman parte da vida social da vila, e tamén mellorar os itinerarios peonís na contorna deste municipio do Camiño de Santiago
- Esta actuación forma parte do Plan Hurbe impulsado pola Xunta, co que se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade
- O Goberno galego continúa traballando coas entidades locais no impulso de accións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Ordes para a execución das obras de humanización do Campo da Feira, no lugar do Mesón do Vento, que suporán un investimento total que roldará os 950.000 euros.

A Xunta, a través desta cooperación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, achegará o 60 % do orzamento desta intervención, con máis 566.000 euros, contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de Ordes asumirá o 40 % restante do custo das obras, case 378.000 euros; así como a redacción do proxecto das obras, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións que se leven a cabo.

A través deste convenio, ao abeiro do chamado Plan Hurbe impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, proxéctase intervir sobre un espazo con función de mercado e centro de actividades que forman parte da vida social da vila, e dentro do contorno de protección dun cruceiro, ao norte está a Igrexa parroquial. Ademais, atópase en zona de influencia das estradas N-550 e DP-2405.

Así, na intervención obxecto da colaboración autorizada hoxe no Consello da Xunta propóñense executar as obras de humanización do Campo da Feira do Mesón do Vento, e a mellora dos itinerarios peonís na contorna deste municipio do Camiño de Santiago.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas actuacións enmárcanse na continuada colaboración entre a Xunta e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través de distintas medidas e de liñas de colaboración como o Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización, ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

Plano da zona da actuación:



Imaxe representativa da zona:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACEPTA A CESIÓN DE SOLO DO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS E LICITARÁ O PROXECTO PARA CONSTRUÍR 12 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO MUNICIPIO OURENSÁN

- O Goberno galego toma razón do expediente de aceptación da cesión gratuíta dunha parcela localizada na urbanización Gonoba, rúa do Falcón, s/n, para seguir ampliando o parque público residencial
- Nas vindeiras semanas licitarase por un orzamento superior aos 95.000 euros a redacción do proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 12 novas vivendas na citada parcela
- O investimento estimado na execución das obras roldará os 2,3 M€
- A Xunta mantén o compromiso de seguir avanzando nesta lexislatura no incremento do parque público residencial, tendo neste momento xa en marcha máis de 2.800 vivendas

O Executivo autonómico tomou razón hoxe da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido gratuitamente por parte do Concello de San Cibrao das Viñas, que lle permitirá á Xunta impulsar a construción de 12 vivendas de promoción pública neste municipio ourensán.

Continuando co compromiso firme do Goberno galego de duplicar o parque público de vivenda na comunidade para o ano 2028, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Vivenda Pública (Vipugal), recibiu o compromiso do Concello desta cesión da titularidade gratuíta dunha parcela, localizada na urbanización Gonoba, rúa do Falcón, s/n, co fin de crear vivenda protexida na vila e seguir incrementando o parque público residencial autonómico.

Deste xeito, na reunión de hoxe, o Goberno galego deulle tamén luz verde á licitación, por un orzamento superior aos 95.000 euros, da redacción do proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 12 vivendas públicas, garaxes e rochos na citada parcela, que acada unha superficie de 470 m².

O investimento estimado na execución deste obras roldará os 2,3 M€.

A Xunta, a través de Vipugal, licitará estes contratos proximamente e os técnicos ou empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

Con esta nova cesión de solo, San Cibrao das Viñas súmase á rede de concellos que están xa a colaborar coa Xunta para o desenvolvemento de vivenda pública. Esta rede inclúe concellos como Pontevedra, Lugo, Teo, Lalín, A Estrada, A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Ames, Carballo ou Narón.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego segue sen perder de vista o obxectivo de seguir avanzando nesta lexislatura no incremento do parque público residencial, tendo neste momento xa en marcha máis de 2.800 vivendas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN CON COGAMI PARA PRESTAR SERVIZOS ESPECIALIZADOS A PRETO DE MIL PERSOAS CON DISCAPACIDADE ORGÁNICA DERIVADA DUNHA PATOLOXÍA CRÓNICA

- O programa de apoio está baseado na prestación dos tratamentos e técnicas máis axeitadas para cada patoloxía e persoa en función do seu grao de afectación e evolución da enfermidade
- As intervencións efectuaranse na contorna das persoas asistidas, sexan domicilios particulares, empresas ou centros de atención, co obxectivo de que melloren a súa autonomía
- O Goberno galego achegará 164.000 € a esta colaboración, que se diferencia polo seu carácter integral e innovador
- Para levar a cabo as actividades previstas, Cogami e o seu movemento asociativo achegarán un equipo multidisciplinar formado por profesionais con formación e experiencia

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión semanal a renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) para o desenvolvemento dun programa de apoio destinado á recuperación integral das persoas con discapacidade orgánica, que o Goberno galego financiará cunha achega de 164.000 euros.

Este programa de apoio está baseado na prestación dos tratamentos e técnicas máis axeitadas para cada patoloxía e persoa en función do seu grao de afectación e evolución da enfermidade, prestados por persoal especializado con experiencia e formación para o tratamento do colectivo.

As intervencións efectuaranse na contorna das persoas asistidas, sexan domicilios particulares, empresas ou centros de atención, co obxectivo de que a persoa mellore a súa autonomía na súa contorna natural de desenvolvemento.

Esta colaboración entre a Consellería de Sanidade e Cogami ten un carácter diferenciador con respecto a outros programas dirixidos a persoas con discapacidade e ás súas familias, ao tratarse dun plan integral e innovador, cun perfil de destinatarios concretos e cun ámbito de desenvolvemento de actividades particularizado, centrado na atención especializada a cada colectivo, traballando sobre as persoas con enfermidade crónica que derivan nunha discapacidade para previr o seu empeoramento e as situacións de dependencia que poidan derivar delas.

Actividades que se desenvolverán

As actividades que se van desenvolver a través desta colaboración son o apoio, orientación e formación sobre a patoloxía, diagnósticos, tratamento e opcións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

terapéuticas, recursos públicos e privados para a atención da patoloxía, sesións formativas sobre tratamentos e técnicas e outros apoios relacionados co proceso diagnóstico, pautas de tratamento, hospitalización e outras casuísticas derivadas da patoloxía.

Tamén se levará a cabo un servizo de apoio á recuperación física funcional con actuacións de terapia física especializada nas patoloxías que cursan con empeoramento físico e motor, para a restitución das funcións e a prevención da deterioración.

Xunto ao anterior, realizaranse actuacións de apoio de carácter ocupacional especializadas nas patoloxías que cursan con afectación das capacidades físicas e cognitivas que inflúen na autonomía das persoas con patoloxía orgánica, incluíndo a planificación de actividades para o adestramento físico e cognitivo.

Así mesmo, ofrecerase servizo de apoio á recuperación logopédica, con actuacións de carácter especializado nas patoloxías que cursan con afectación na fala, deglución, comunicación, audición e outras funcións orais.

Tamén se prestará servizo de apoio emocional mediante actuacións de carácter psicolóxico especializado nas enfermidades que cursan con afectación psicoemocional, condutural ou que implican a distorsión de procesos mentais.

Estímase que estas actividades beneficien preto dun millar de persoas con discapacidade orgánica.

Persoal especializado

A execución desta colaboración realizarase a través das asociacións de discapacidade orgánica integradas en Cogami, que contan con persoal especializado para a prestación dos servizos recollidos no convenio.

Estas asociacións son as que atenden a persoas afectadas de hemofilia e outras coagulopatías conxénitas (Agadhemo); a persoas con esclerose múltiple (ACEM Coruña, ACEM Santiago, Aodemper, Avempo e Alucem); con patoloxías reumáticas (Conartrite Santiago e Asearpo); con párkinson (Parkinson Galicia); con enfermidades do ril (Alcer Coruña, Alcer Lugo, Alcer Ourense e Alcer Pontevedra); con enfermidade de crohn e colite ulcerosa (ACCU); persoas afectadas de fibromialxia e fatiga crónica (Affou); con fibrose quística (AGFQ); con enfermidades neuromusculares (ASEM Galicia); persoas con linfedema, lipedema e outras patoloxías vasculares (AGL); e persoas afectadas por transplantes medulares (Asotrame).

Para levar a cabo as actividades previstas no acordo, Cogami e o seu movemento asociativo achegarán un equipo multidisciplinar formado por profesionais con formación e experiencia (traballadores sociais, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, psicólogos, logopedas, pedagogos, expertos en actividade física e deportiva etc.).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE PRETO DE 16 M€ NO CONTRATO DO SERVIZO DE XESTIÓN ENERXÉTICA E MANTEMENTO E CONDUCCIÓN DE EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DE CENTROS DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

- O contrato ten unha vixencia de cinco anos e abrangue o Hospital Materno-Infantil, o Hospital Marítimo de Oza, o Hospital Abente e Lago, o Centro de Especialidades do Ventorrillo, o Hospital Público de Cee e a lavandeira da Grela
- Este servizo contribúe directamente á optimización dos custos operativos, mellora a calidade dos servizos e asegura o benestar de pacientes e do persoal sanitario
- Inclúe a prevención e control da *legionelosis*, traballos en materia de calidade da auga, xardinería, limpeza e mantemento da rede de saneamento, mantemento correctivo e asistencia 24 horas dos grupos electrógenos e os centros de transformación e reciclaxe da biomasa

O Consello da Xunta autorizou hoxe, na súa reunión semanal, o expediente de contratación do servizo de xestión enerxética e mantemento e condución de edificios, instalacións e equipamentos de diversos centros dependentes da área sanitaria da Coruña e Cee por importe de 15.857.999 euros para un período de cinco anos.

A xestión enerxética nos centros sanitarios permite optimizar o consumo de enerxía, o que resulta nunha redución significativa dos custos operativos. Neste tipo de instalacións, o consumo enerxético é elevado debido á operación continua de equipos médicos, sistemas de climatización, iluminación e demais, polo que un servizo de xestión enerxética axuda a identificar e corrixir ineficiencias.

Os centros sanitarios contan cunha infraestrutura complexa que inclúe sistemas de calefacción, refrixeración, ventilación, iluminación, sistemas de rede eléctrica etc. Un mantemento adecuado destes sistemas é crucial para asegurar que estean en condicións óptimas de funcionamento e evitar fallos que poidan interromper a atención ao paciente.

O servizo de mantemento preventivo pode detectar posibles problemas antes de que se convertan en fallos graves, reducindo tempos de inactividade e garantindo que os equipos médicos funcionen sen interrupcións.

O mantemento das instalacións é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e do persoal. A xestión adecuada destas instalacións axuda a previr accidentes ou problemas de saúde derivados de condicións de traballo inadecuadas ou de fallos técnicos. Ademais, nunha contorna hospitalaria, a seguridade é unha prioridade e unha infraestrutura ben mantida contribúe a manter unha contorna segura e funcional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por todo iso, contar cun servizo especializado na xestión enerxética e no mantemento e condución dos edificios, instalacións e equipos nos centros obxecto do contrato é esencial para garantir a eficiencia operativa, a seguridade, o cumprimento normativo e a sustentabilidade dos recursos. Este servizo contribúe directamente á optimización dos custos operativos, mellora a calidade dos servizos e asegura o benestar tanto dos pacientes como do persoal sanitario.

Centros obxecto do contrato

O obxecto do contrato consiste no servizo de xestión enerxética e o mantemento e condución dos edificios, instalacións e equipos dos centros da área sanitaria da Coruña e Cee que se detallan a continuación: Hospital Materno-Infantil; Hospital Marítimo de Oza; Hospital Abente e Lago; Centro de Especialidades do Ventorrillo; Hospital Público de Cee e lavandería de Agrela.

Así mesmo, quedan incluídos dentro do obxecto do contrato as tarefas relativas á prevención e control da *legionelosis*, traballos en materia de calidade da auga, xardinaría, limpeza e mantemento da rede de saneamento, mantemento correctivo e asistencia 24 horas dos grupos electrógenos e os centros de transformación e reciclaxe da biomasa.

Co obxecto de garantir a xestión eficiente da enerxía por parte do adxudicatario, establécese un límite máximo anual, que non poderá excederse, para os consumos de electricidade, por unha banda, e de biomasa e gas natural para usos térmicos. O límite queda fixado en 7.014.872 kWh/ano para a enerxía eléctrica e 6.955.372 kWh/ano para a biomasa e o gas natural, que foron os datos maiores de consumos producidos entre 2022 e 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADAPTA O AUDITORIO DO FONTÁN PARA ACOLLER ESPECTÁCULOS ESCÉNICOS E AFORRAR NOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN DESTAS ACTIVIDADES NA CIDADE DA CULTURA

- A ampliación do seu escenario permitirá utilizalo non só para actos académicos e institucionais, senón para programar pezas de danza, teatro ou música
- Esta actuación favorecerá un aforro significativo ao reducirse a necesidade de montar escenarios e estruturas efémeras necesarias para actividades do Gaiás
- As obras do Centro de Artes Dixitais, nun espazo subterráneo anexo ao Fontán, ofrecen a oportunidade para levar a cabo estes traballos neste momento

O Consello da Xunta de Galicia deu esta mañá o seu visto e praxe á ampliación do escenario do Auditorio do Fontán con que se quere dar resposta á demanda de que este espazo poida acoller espectáculos de teatro, danza e música. A futura instalación favorecerá un aforro en custes de produción ao reducir de xeito significativo a montaxe dos escenarios e estruturas efémeras empregadas agora para actividades da Cidade da Cultura.

As obras do que será o primeiro Centro de Artes Dixitais de Galicia, actualmente en marcha, ofrecen a oportunidade axeitada para levar a cabo esta actuación neste momento, xa que esta infraestrutura tecnolóxica se está construír nun espazo subterráneo anexo á parede traseira do Auditorio do Fontán.

Esta ampliación do escenario non restará superficie nin afectará o deseño do Centro de Artes Dixitais, que mantén tamén o calendario previsto. De feito, as obras deste novo equipamento encaran a súa última fase e avanza a un ritmo que permitirá cumprir co compromiso de que a infraestrutura estea rematada en decembro deste ano, podendo levar a cabo así o seu equipamento en 2026.

Co obxectivo de dimensionar o alcance dos traballos e analizar as características técnicas que precisa este escenario, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude contou co asesoramento de expertos do Centro Dramático Galego.

Usos académicos e culturais

O Fontán foi deseñado para acoller institucións do Sistema universitario galego, do Consello Superior de Investigacións Científicas e do ámbito educativo da Xunta de Galicia. Consecuentemente, foi dotado con instalacións para estes usos, entre elas, un auditorio de carácter académico cun escenario de 110 m². Tras a adaptación acordada esta mañá, o escenario ampliarase a unha superficie de 330 m², ademais de dotarse da altura, o tipo de chan e as áreas de apoio e circulación necesarias.

Para levar a cabo esta actuación, o Consello da Xunta deu luz verde a unha modificación do contrato para a construción do Centro de Artes Dixitais por valor de 949.259,99 euros (sen IVE).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estímase que o investimento para a ampliación do escenario estará amortizado nun prazo entre 5 e 7 anos grazas ao aforro nos custos das montaxes e desmontaxes de escenarios e estruturas efémeras, en función dos ingresos polo alugamento do auditorio a empresas e organizacións privadas que elixen a Cidade da Cultura para os seus eventos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 120.000€ PARA O REMATE DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO EN TORDOIA

- O Consello dá luz verde ao convenio co Concello de Tordoia para a execución da obra de terminación interior desta infraestrutura
- O centro social pretende ser un punto de encontro interxeracional para actividades culturais, sociais, formativas e medioambientais
- Esta achega súmase aos máis de 340.000 euros que o Goberno autonómico investiu na licitación do centro no 2021

O Goberno galego destinará 120.000€ para o remate da obra interior do centro sociocomunitario en Tordoia. Así se deu conta hoxe no Consello da Xunta, no cal se autorizou a sinatura do convenio, vixente ata finais de 2026, entre o Concello de Tordoia e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para a finalización destas obras por importe de 305.000€.

Esta nova infraestrutura busca configurarse como un espazo de convivencia social e interxeracional que ofrezca actividades culturais, formativas e ambientais. Trátase dun edificio sustentable situado na zona de servizos, rodeado dun xardín con árbores autóctonas e dunha área de lecer. A necesidade deste espazo é motivada pola construción dunha residencia da terceira idade na Casa da Cultura actual.

Deste xeito, a finalidade deste servizo é promover actividades culturais e sociais, ademais de favorecer o asesoramento, información e formación á poboación, así como actuar como sede de asociacións e desenvolver os programas socioculturais do concello. Así mesmo, o espazo busca fomentar o intercambio de experiencias e innovación de proxectos que beneficien a toda a comunidade.

Esta achega económica encádrase no compromiso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de favorecer o acceso á cultura en todo o territorio en liña cos obxectivos da Lei de cultura inclusiva e accesible e de futuro plan de modernización das infraestruturas en que xa traballa o Goberno galego.

Ao abeiro deste compromiso, a Administración autonómica colaborou xa no 2021 na licitación deste centro cun investimento de 346.000 euros, elevando así a achega feita nesta infraestrutura en máis de 650.000€. Esta actuación executouse ao abeiro do Plan Hurbe, posto en marcha pola Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas, consciente da importancia para os concellos da materialización de determinados proxectos urbanísticos para mellorar a calidade de vida dos seus veciños e dinamizar o rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE ESTE CURSO MÁIS DE 133 M€ EN BOLSAS E LIÑAS DE APOIO A ALUMNOS E FAMILIAS DAS QUE SE BENEFICIAN 421.000 ESTUDANTES

- Rueda salienta que as axudas do Goberno galego abranguen desde a etapa de Infantil ata que un alumno remata a FP ou a universidade
- Sinala que o servizo de comedor escolar é o que absorbe a meirande parte do orzamento, seguido dos programas de axudas aos libros e de material escolar
- Subliña que as actuacións en marcha cobren mobilidades no estranxeiro, acreditación de diversos idiomas, realización de prácticas ou ensinanzas artísticas, entre outros
- No eido universitario cómpre destacar a gratuidade da matrícula, a conxelación de taxas ou o apoio aos doutorandos que están a preparar a súa tese
- Tamén se inclúen premios que recoñecen o esforzo por parte dos estudantes

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Goberno autonómico inviste 133,3 millóns de euros este curso escolar en 48 liñas e programas de apoio específicos aos estudantes e ás súas familias con axudas que benefician a uns 421.000 “alumnos e alumnas entre a etapa infantil e a universidade”. Así se desprende do informe sobre bolsas e premios ao estudo que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP presentou hoxe no Consello.

Segundo sinalou o titular do Executivo galego, trátase dun conxunto de accións vixentes que teñen como obxectivo apoiar as familias para afondar na gratuidade do ensino e blindar o sistema galego como o máis equitativos do Estado, no que “un neno ou nena estude de balde desde a educación infantil ata que obteña un grao na universidade”. Precisamente a equidade é un dos principais sinais de identidade do ensino como acredita reiteradamente o informe PISA á hora de valorar ás posibilidades de éxito dun alumno con independencia da súa orixe ou do seu contexto socioeconómico, un eido no que Galicia sobresaí en España.

Deste xeito, o Goberno autonómico pon á disposición dos estudantes e das súas familias un completo paquete de accións variadas a través de convocatorias de bolsas e premios que abranguen todas as etapas e idades desde que un alumno ingresa no sistema en 4º de Infantil ata que sae cun título superior, ben sexa de FP ou universitario.

Dentro das distintas liñas de apoio que ten en marcha Educación, Rueda explicou que o servizo de comedor escolar absorbe a meirande parte do orzamento, “con preto de 55 M€ por curso e máis de 67.000 alumnos beneficiados”, dos cales 46.000 son usuarios dos comedores xestionados pola consellería, con prezos conxelados desde hai máis dunha década, e que reciben unha bonificación no prezo do menú en función da renda. Isto permite que sete de cada dez usuarios “empreguen este servizo de balde ou paguen tan só 1 € ao día por menú”, indicou o presidente. Os 21.000 restantes benefíciense das axudas que a consellería concede aos concellos, ás anpas e ás entidades de atención á diversidade a través de diferentes convenios anuais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Libros de texto e material escolar gratuíto

Outro dos puntos máis destacados a nivel orzamentario é o destinado a proporcionar libros e material escolar de balde ás familias, a través de axudas directas para a compra, dos fondos de préstamo e, desde agora, da nova desgravación fiscal implantada este ano para as familias que, por renda, anteriormente quedaban excluídas das axudas.

Para isto, Rueda destacou que a consellería pon á disposición unha partida de 30,5M€ e unha estimación de 322.000 apoios concedidos, cun forte incremento nos últimos catro cursos, nos cales se reforzaron as medidas de apoio progresivamente aumentando, así, os beneficiarios.

Estadías no estranxeiro

Por outra parte, están en marcha un total de 13 liñas de axudas ás familias para estadías de aprendizaxe de linguas estranxeiras, intercambios escolares con distintos países, campamentos, bonificacións para as acreditacións lingüísticas ou o concesión de premios extraordinarios en recoñecemento ao bo aproveitamento académico e ao "esfuerzo académico" do alumnado. Todas estas acción aglutinan 4 M€ para máis de 9.200 beneficiados.

No eido da Formación Profesional cómpre destacar axudas específicas aos estudantes de ciclos para realizar formación práctica en centros de traballo, en estadías Erasmus no estranxeiro e tamén en premios extraordinarios ou vencellados ao desenvolvemento de proxectos innovadores como o InnovaTech FP, entre outros. Destes apoios, como premios e estadías tamén se benefician os estudantes de Ensinanzas Artísticas en Galicia.

Gratuidade da universidade

Por último, o presidente salientou o investimento de máis de 38 millóns de euros no eido universitario, subliñando a medida pioneira posta en marcha o pasado curso: a gratuidade da matrícula para estudantes de grao, e tamén de Ensinanzas Artísticas Superiores, así como a conxelación das taxas para graos e másteres. Igualmente, estes estudantes beneficianse das distintas bolsas de apoio para estadías no estranxeiro no verán, axudas complementarias Erasmus, apoio aos titulados en situación de desemprego e predoutorais. Tamén cómpre destacar que se conceden aos mellores expedientes os premios de Fin de Carreira e os Ángela Ruíz Robles á excelencia académica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE 9,7 M€ A 160 PROXECTOS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS AUTONÓMICAS PARA AS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO

- O 60 % dos proxectos foron destinados a actividades sen fins de lucro e o 40 % restante son de actividade económica, que mobilizaron, en conxunto un investimento privado de 6,1 millóns de euros e a previsión e a creación de 70 empregos a tempo completo
- Estes apoios autonómicos son xestionados a través dos oito Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro que engloban máis de 400 organizacións locais, preto dun cento do sector pesqueiro, que representan a máis de 13.000 profesionais do mar
- O Goberno galego leva financiados ou aprobados desde a entrada en vigor do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca, e de Acuicultura 2021-2027 un total de 347 proxectos que mobilizarán 46,4 millóns de euros

O Consello da Xunta tomou razón do informe sobre as axudas autonómicas concedidas no 2025 ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa) 2021-2027. En total, foron beneficiarios destes apoios, xestionados a través dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (Galp), 160 proxectos por valor de 9,7 millóns de euros. En total foron recibidas un total de 260 solicitudes, por riba das 247 rexistradas na anterior convocatoria, que reflicte o interese que espertan estas axudas.

O 60 % dos proxectos foron destinados a actividades sen fins de lucro e o 40 % restante son de actividade económica que mobilizaron en conxunto un investimento privado de 6,1 millóns de euros e a previsión é a creación de 70 empregos a tempo completo. Unhas iniciativas que permiten afondar na colaboración público-privada impulsando o desenvolvemento económico e competitividade de Galicia, cun impacto singular nas comunidades costeiras. Así, abordan ámbitos como o aproveitamento do patrimonio cultural e ambiental das zonas pesqueiras, a innovación e promoción da produción e subministración de produtos da pesca e da acuicultura ou o fomento da economía azul, entre outros.

Esta liña de axudas, cofinanciadas con fondos europeos, son xestionadas a través de oito Galp que engloban a máis de 400 organizacións locais, preto dun cento do sector pesqueiro, que representan a máis de 13.000 profesionais do mar. A distribución dos proxectos entre eles foi a seguinte: o Galp Golfo Ártabro Sur o maior número de proxectos aprobados con 33 iniciativas, seguido do Galp Golfo Ártabro Norte (25), Galp Ría de Arousa (21), Galp Mariña Ortegal (20), Galp Ría de Pontevedra (17), Galp Ría de Vigo- A Guarda (16), Galp Costa Sostible (15) e Galp Costa da Morte (14).

Con esta convocatoria o Goberno galego leva financiados ou aprobados, desde a entrada en vigor do actual Fempa, un total de 347 proxectos que mobilizarán 46,4 millóns de euros, dos cales 25,3 millóns de euros corresponden a axudas públicas ata 2027 e que xa elevan a execución orzamentaria deste programa ata o 61 % do orzamento dispoñible. Un impacto que dá continuidade aos apoios despregados durante a vixencia do anterior

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (Femp), no cal se desenvolveron 703 proxectos que mobilizaron preto de 80 millóns de euros dos cales máis do 53 % correspondeu a investimento privado e máis do 46 % a axuda pública. Cifras que confirman a capacidade deste programa de favorecer o investimento privado nas comunidades costeiras dependentes da pesca.